



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tíns.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO PROVINCIAL OURENSE SALMÓNIDOS MOSCA COUTO DO BARBANTIÑO RIO BARBANTIÑO **19-MAIO-2019**

PROGRAMA

DOMINGO

07:30 horas	Concentración dos participantes no restaurante Don Varela en Punxín. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:45 “	Inicio da 1ª manga
10:45 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:30 “	Inicio segunda fase
13:30 “	Fin da 1ª manga.
14:00 “	Concentración en restaurante Don Varela
15:45 “	Inicio da 2ª manga
17:45 “	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
18:30 “	Inicio segunda fase
20:30 “	Fin da competición.
20:30 a 21:15	Entrega de plicas

Feita e confirmada a clasificación, entrega de trofeos e peche da competición.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfn.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



BASES

- 1) O deportista, calquera que sexa a subespecialidade obxecto da competición, só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.
- 2) Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ó control, deberá facer uso dun redefol ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.
- 3) A adjudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas ós seus respectivos tramos.
- 4) A reunión do Pescador co control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.
- 5) Serán capturas válidas aquelas que acaden un tamaño igual ou superior aos 16 cm; medidos dende a punta do fociño ata a punta do rabo.
- 6) Material permitido:
 1. Canas. Libres, de uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).
 2. Carretes. De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina xiratoria.
 3. Liñas. Cola de rata de calquera composición ou forma das habituais do mercado, cunha lonxitude mínima de 22 metros e diámetro 0,55 milímetros. (0,22" –pulgadas-).

Permítese:

- a) O uso de liñas flotantes e de afundimento

Non se permite:

- a) As cabezas disparadoras ou lanzadoras.
- b) Engadir pesos e dispositivos ou materias flotantes ás liñas de pesca nin indicadores de picada.
- c) O uso de liñas de corpo plumado.

4. Baixos de Liña. **Sinxelos, de lonxitude como máximo dúas veces a lonxitude da cana**, anoados ou sen nós, e cónicos ou cilíndricos. Poderá ir unida directamente a liña ou con unha lazada. Non se poderán engadir ó baixo de liña mecanismos de afundimento ou flotación. Os baixos de liña non poden ter elementos adicionais adheridos ó mesmo distintos ós codais que soporten os reclamos. Estes codais deberán ir fixados ó baixo de liña, anoados ó mesmo ou **mediante micro argolas** sen sobranse ningún (non se permiten microlazadas o longo do baixo de liña), e deberán ter una lonxitude mínima de 5 cm. dende o baixo de liña ata a argola ou paleta do reclamo empregado (mosca, streamer, etc...). Os codais dos reclamos fixaranse ó baixo de liña de modo que non poidan deslizarse ó longo do mesmo.

5. Cebos (Moscas). Autorízanse o "streamer" e as moscas artificiais flotantes ou afundidas que imiten calquera das fases do ciclo vital do insecto imitado (larva, ninfa, sub-imago e imago), montadas sobre anzois simples.

Permítense:



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfnos.: **607881916** /
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



a) As moscas lastradas, sempre e cando o lastre quede oculto polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal. Autorízase unha única perla ou boliña visible cuxa dimensión máxima non exceda de 4 mm.

b) Un máximo de tres moscas: Cando se empregue mais dunha, a distancia mínima entre moscas será de 50 centímetros, medidos cando estas colguen libremente.

Non se permite:

a) As que desprendan colorantes ou olores.

b) O anzol con arponciño ou lengüeta. Son válidos os anzóis que teñan totalmente inutilizado o arponciño ou lengüeta, de modo que non ofrezan resistencia algunha á retirada do anzol.

Ó longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun deportista. . Prohíbese durante a competición, tanto a deportistas, como a controis, o uso de calquera medio de comunicación no posto de pesca (teléfonos, intercomunicadores, etc)

7) O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.

8) Os 5 primeiros clasificados obterán praza para o vindeiro campionato autonómico da especialidade.

9) Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ó regulamento da FEPYC.

10) Data límite da inscrición e confirmación de asistencia o 14/05/2019.

11) Solo se considerarán como inscritos os enviados exclusivamente o correo ourensedelegacion@fgpesca.org . Toda inscrición enviada a outro correo non será formalizada

12) Añadir en la inscrición el teléfono del participante.

13) Será imprescindible ter a tarxeta federativa do ano en curso e licenza de pesca fluvial en vigor.

14) Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Asinado: José Manuel Otero Vázquez

ourensedelegacion@fgpesca.org

Delegado da FGP en Ourense